

# O LIBRO COMO FORMA DE ARTE

A exposición **Salto de páxina. O libro de artista no século XXI** xa está no Auditorio de Galicia. A mostra recolle un *collage* único de libros de artistas, fotolibros e bibliografía contemporánea procedente da colección Banco Sabadell e ArtsLibris.

Na mostra conviven os libros e as publicacións de artistas internacionais como **Andy Warhol**, Lawrence Weiner, Jaume Plena ou Jose Pedri Croft co traballo de numerosos creadores novos como **Cristina de Middel**, Ricardo Cases ou Simona Rota.



Unha parte importante da exposición son obras de creadores galegos como **Antón Lamazares**, Leopoldo Nóvoa e Vari Caramés.

O libro de artista xurdiu na segunda metade do século XX, cando os artistas máis vangardistas decidiron servirse do libro como instrumento de ruptura coa arte anterior.

O libro, como obra de arte do século XXI, é o territorio de creación onde se sitúa esta mostra, aínda que moitas edicións contemporáneas de libros de artista teñen lugar máis alá das marxes impostas polo formato e expándense e abarcan o territorio infinito da arte da creación. Por iso, moitos dos libros de artista desta mostra, son unha parte dun todo máis grande.

A mostra estará aberta ó público ata o mes de febreiro.

Coordinación EDLG – Fonte: El Correo Gallego